



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de formación de inspectores urbanísticos

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	40
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 17/08/2010 - 00:00h ao 05/09/2010 - 00:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formar aos inspectores urbanísticos para mellorar a prestación da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

DESTINATARIOS

- Inspectores urbanísticos
- Secretarios dos municipios integrados na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Funcionarios dos municipios integrados na Axencia, dos grupos A1 e A2, que desenvolvan funcións como instructores de expedientes de reposición da legalidade urbanística e sancionadores.

PROGRAMA

I. EVOLUCIÓN NORMATIVA DO URBANISMO. O SISTEMA URBANÍSTICO ESTATAL E GALEGO.

Analizarase as diferentes normas urbanísticas para ter unha visión global da orixe, evolución e situación actual do urbanismo. Neste apartado faise especial referencia á Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, estudando as súas modificacións, incluída a recente Lei 2/2010. Estudase o estatuto xurídico da propiedade, os sistemas de distribución equitativa de beneficios e cargas, os dereitos e deberes dos axentes que intervén no urbanismo, os conceptos de clasificación e cualificación, así como as situacións básicas do réxime do solo na lexislación estatal e as distintos tipos de solo na lexislación galega, facendo un acercamento ás equivalencias entre uns e outros.

Asemade, neste primeiro bloque que ten por obxecto unha primeira aproximación aos distintos conceptos e técnicas urbanísticas, analízase o sistema de planeamento na Comunidade Autónoma de Galicia, as normas de aplicación directa, a adaptación das edificacións ao medio ambiente, e o réxime de fora de ordenación.

II. A DISCIPLINA URBANÍSTICA

Este bloque vai orientado a analizar as distintas intervencións administrativas no ámbito do urbanismo. En primeiro lugar, trátase o tema das licencias, tipos de licenzas, os actos suxeitos, o procedemento administrativo, o silencio administrativo e a caducidade.

Seguidamente analízase a disciplina urbanística en canto ás medidas e procedementos de reacción contra edificacións, actuacións, usos e actividades sen licenza, tanto en curso de execución como terminadas.

Resérvase un espazo especial para tratar a protección do dominio público marítimo – terrestre, o ámbito da servidume, usos e infraccións e sancións en materia de costas.

Por último, estudaranse os delitos urbanísticos, os medios de reacción administrativos e penais contra as irregularidades urbanísticas e a corrupción urbanística.

III. A AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

O último bloque do curso vai destinado a facer unha breve análise da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en canto a súa organización, normativa e actividade desenvolvida.

O curso concluírá cunha mesa redonda sobre a Disciplina Urbanística: problemas actuais.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Prioridade para os inspectores urbanísticos dado que a súa formación é o obxectivo do curso.

De non cubrirse todas as prazas con persoal da Axencia (inspectores urbanísticos) daraselle entrada ao persoal sinalado no apartado de destinatarios. Para a súa selección aplicaranse os criterios recollidos na Resolución da EGAP de data 04.01.2008 (DOG nº 7, de 10.01.2008).

Os criterios desta resolución aplicaranse, asemade, para establecer a orde de prelación do persoal da Axencia que resulte seleccionado.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 20/09/2010 a 26/10/2010

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

MARÍA JOSÉ VALENZUELA RODRÍGUEZ

DAVID PRADA PUENTES

PILAR DIAZ HERRERA

MARIA VICTORIA NÚÑEZ LÓPEZ

VIDAL PAVON

LUIS MIGUEZ MACHO

M^a Asunción Lorenzo Outón

XOSÉ FRANCISCO FREIRE CORZO

María Carmen Rodríguez Andrade

FRANCISCO COMINGES CÁCERES

Eduardo Sobrino Rodríguez

ENRIQUE-MARTIN RODRIGUEZ LLORENS

ALVARO GARCIA ORTIZ

yolanda Teixido Infante

MARIA MARTINEZ ALLEGUE

ANTONIO ROMA VALDES

JOSÉ MARÍA DOMINGUEZ BLANCO